



Concello de
OURENSE

OFICIALIA MAIOR
Praza Maior Nº1
32005 - Ourense

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 18 de setembro de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

17.- Convenio entre o Concello de Ourense e a Asociación Xuvenil Amencer, regulador da subvención municipal nominativa a esta entidade para gastos das actividades do Campamento Urbano 2024. (Expte. Núm. 2024058552)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes, acordou:

Primeiro.- Aprobar o convenio de subvención nominativa entre o Concello de Ourense e a Asociación Xuvenil Amencer de Ourense, con NIF G32025405, para gastos da actividade do Campamento Urbano “Cidade de Ourense” 2024, consonte á subvención nominativa recollida no vixente Orzamento municipal (proposta CÓDIGO CSV:K2FWPSYRDX9PVL5B).

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 15.000 euros, con cargo á partida S260 3370 48942 do orzamento municipal vixente (RC 202500030277).

Terceiro.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

Cuarto.- Notifíquese aos interesados, e déase traslado á Tesourería municipal, para os efectos oportunos.

Ourense, na data da sinatura electrónica.
A CONCELLEIRA-SECRETARIA,

Tamara Silva Cid

